



## Construtivismo : Construtivismo

<p>A aprendizaxe da lingua escrita. Nos últimos tempos a palabra construtivismo repítese dun xeito cada vez máis insistente no eido educativo. Se nos referimos ao noso traballo diario nas aulas de infantil e 1º ciclo de primaria, estaríamos a falar dunha nova maneira de aprender a ler e escribir, mellor dito, de como se produce este feito que algúns consideran case máxico. Moitos mestres e mestras ávidos de experimentar con métodos novos apúntanse a esta nova moda, pero... ¿trátase realmente dun método?</p>	
<p>Os métodos: ata agora, incuestionables Como primeira premisa, lembremos o que se entende por método. Hainos variados e de todas as cores, todos reivindicán a súa bondade (e non digamos quen os publica). Quen máis quen menos usounos algunha vez, pero atrevome a afirmar que todos tivemos en algún momento a sensación de estar encorsetados, de sentirnos de algunha maneira monicreques: seguir un método implica cumprir as normas establecidas polo mesmo, o que trae como consecuencia que o control sexa seu: libro de texto, caderno, actividades... Isto facía que consideráramos como "desviacións" (hoxe sabemos que non o son) as producións escritas dos rapaces por fóra do método, considerándoas como perdas de tempo ou mesmo un impedimento no seu proceso de aprendizaxe.</p>	

## Construtivismo : Construtivismo

	<p>As minúsculas e a grafomotricidade: Un dos "mandamentos" máis comúns a moitos deles é a conveniencia de comenar polas letras minúsculas, chegando a seren personalizadas para tentar dotalas dunha significatividade que non teñen de seu, (con ligazóns ás que se lle chegan a pór brazos, pernas, etc), e comenzado casi sempre polas vocais, considerándoas máis "doadas" segúndo un criterio pouco menos que inmutable e indiscutible.</p> <p>Acompañando a estas propostas soen ir os coñecidos "cadernos de grafomotricidade", cadernos de exercicios, etc, constituíndose en pasos previos considerados pouco menos que "indispensables" para a consecución do obxectivo final: "ensinar a ler e escribir".</p>
<p>O fracaso na aprendizaxe da lingua escrita: A pesares de todo, seguimos atopándonos invariablemente con nenos e nenas que "non aprenden" ou que se "desvían" das pautas establecidas nos mesmos. Esta situación, que provoca irritación e desesperanza nos docentes ¿que non provocará nos cativos?. A explicación tan recorrente de que "aínda non están "maduros" pode funcionar durante un tempo, pero cando xa teñen arredor dos sete anos, ou máis...¿que nos queda? ¿a aula de apoio...?</p>	

## Construtivismo : Construtivismo

Pero o construtivismo... ¿ non é tamén un método? Non, o construtivismo non é un método, xa que iso implicaría seguir as directrices marcadas pola propia definición da palabra, como xa vimos: leccións, cadernos, libros de texto, etc. Adoitase dicir que se trata de un enfoque, xa que considera a escritura na súa totalidade, como convención social e significativa, que é o que realmente atrae aos nenos e nenas; falamos, polo tanto do sistema de escritura.

Na nosa sociedade desenvolvida hai escritos por todas partes: rótulos, revistas, xornais, contos, etc, conforman unha paisaxe alfabética que forma parte do contorno e que non se debe (nin se pode) obviar. Próximamente veremos como toda esa información é procesada continuamente polos nenos e nenas, e como elaboran as súas propias hipóteses de como se escribe, cantas letras se precisan, o que se pode ler e o que non, e como van construindo coñecemento, aproximándose dun xeito que vos sorprenderá, como nos sorprende a todos. Tamén veremos as actividades que se poden realizar con eles coa axuda das novas tecnoloxías, entre outras.



## Construtivismo : Construtivismo

Velaquí unha mostra de experiencias de aula  
Aquí podes ver unhas ligazóns de interese

Estamos a traballar nesta información, se queres podes colaborar, se coñeces máis sobre este tema, ou observas algunha imprecisión, fáinolo saber... Podes enviar un comentario ou unha aportación con datos novos a este artigo...

